

2012

teatro
danza
música
cabaré



**CENTRO
DRAMÁTICO
GALEGO**

producción
programación
formación

producción
programación
formación

marzo
abril
maio
xuño
xullo
agosto
setembro
outubro



2012



teatro
danza
música
cabaré

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.agadic@xunta.es

www.agadic.info

00



índice	
presentación	01
salón teatro	02
índice por meses	
espectáculos	
venda de entradas	
formación	03
producción propia	04

01

presentación

O Centro Dramático Galego (CDG) inicia un novo período de actividade, o que vai de marzo a outubro de 2012, co mantemento da programación do Salón Teatro, a continuidade da formación para profesionais da escena e a estrea da súa nova produción propia, coa súa conseguinte distribución.

O teatro –en particular o teatro galego–, a danza contemporánea e a música, cunha nova entrega do ciclo de concertos promocionais "ST Música Presente", centrarán a nova carteleira do Salón Teatro que dará cabida tamén a formatos menos habituais como o cabaré ou o teatro de rúa.

O escenario que xestiona o CDG continúa así co seu labor de difusión das expresións escénicas máis actuais, mediante o deseño dun novo plan de actividades que inclúe sete obras de teatro, dúas pezas de danza contemporánea e seis actuacións musicais, ademais de outras actividades artísticas como son o acto de entrega do VI Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, unha particular Ronda Poética que, a modo de teatro da rúa, desenvolverase no Día das Letras Galegas, e a XIII edición da Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITU).

Neste período retómase, así mesmo, o programa de formación continua dirixido aos profesionais da escena promovido pola compañía pública, que en outras ocasións ten ofrecido xornadas de aprendizaxe con mestres como Thomas Leabhart, Mario Tomás ou Alfredo Padilla. Nesta ocasión, será o autor, actor e director italiano Massimo Malucelli o encargado de impartir, a mediados do mes de abril, o curso "*A commedia dell'arte* e as técnicas da comedia", cuxas prazas ofertadas se esgotaron no primeiro día de inscrición.

Finalmente, no plano de produción propia, o CDG estreará *As Furias*, baixo a dirección escénica de Andrés Lima. A nova montaxe da compañía pública recolle os catro textos do director de cine, guionista e dramaturgo norteamericano Neil LaBute *The Furies*, *Helter Skelter*, *Iphigenia in Orem* e *Medea Redux* que serán interpretados por elenco de 7 actores e actrices que será seleccionado no mes de maio. Ademais, está previsto o comezo dos ensaios a principios de xullo cara á estrea o venres 7 de setembro no Salón Teatro, onde permanecerá durante dous meses en cartel.

02

salón teatro índice por meses

MARZO

Teatro-danza

Materia prima

LA TRISTURA

Extensión do Festival ALT

Venres 9, ás 20.30 h

Teatro

0,7% Molotov

TEATRO DE NINGURES

Venres 16 e sábado 17, ás 20.30 h;

domingo 18, ás 18.00 h

Música

Sarahyba

LIORNA

Ciclo ST Música Presente

Xoves 22, ás 21.00 h

Danza

La velocidad de las cosas

MÓNICA GARCÍA

Venres 30 e sábado 31, ás 20.30 h

ABRIL

Curso

A commedia dell'arte e as técnicas da comedia

IMPARTIDO POR MASSIMO MALUCELLI

Do martes 10 ao venres 13

Teatro

Oeste solitario

PRODUCCIÓN TEATRÁIS EXCÉNTRICAS

Venres 20 e sábado 21, ás 20.30 h;

domingo 22, ás 18.00 h

Música

Riobó

RIOBÓ

Ciclo ST Música Presente

Xoves 26, ás 21.00 h

Teatro

Sesión 1

O FANTABULOSO CINE AMBULANTE

DOS IRMÁNS LUMIEIRA

Sábado 28, ás 20.30 h;

domingo 29, ás 18.00 h

MAIO

Danza

Blondy's coffee

ENTREMANS

Venres 4 e sábado 5, ás 20.30 h

Música

The future is green

BORJA CAO TRÍO

Ciclo ST Música Presente

Xoves 10, ás 21.00 h

Teatro-Estrea

Winnie son eu

PÍFANO TEATRO

Venres 11 e sábado 12, ás 20.30 h;
domingo 13, ás 18.00 h

Espazo Radioescénico

Gala de entrega do**VI Premio Diario Cultural de Teatro****Radiofónico**

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

e RADIO GALEGA

Martes 15, ás 20.30 h

Teatro de rúa

**Ronda Poética. O batallón literario
da Compañía Femme Fatale**

COMPANÍA FEMME FATALE

Xoves 17, ás 12.00 h

Teatro

Mostra de Teatro Universitario

Do luns 21 ao mércores 30

XUÑO

Cabaré

Área de descanso

GAYO PINHEIRO

Venres 1 e sábado 2, ás 20.30 h

Música

Acrobata

UGÍA PEDREIRA E FRED MARTÍNS

Ciclo ST Música Presente

Xoves 7, ás 21.00 h

Teatro

O fútbol é así

OBRAS PÚBLICAS

Venres 8 e sábado 9, ás 20.30 h;
domingo 10, ás 18.00 h

Música

Loaira

LOAIRA

Ciclo ST Música Presente

Xoves 14, ás 21.00 h

Música

O CORO DA RÁ

Sábado 16, ás 20.30 h;

domingo 17, ás 18.00 h

02

salón teatro espectáculos

MARZO

Teatro-danza

Materia prima

LA TRISTURA

Extensión en Compostela do Festival ALT

Venres 9 de marzo, ás 20.30 horas

Creación e dirección: Itsaso Arana, Pablo Fidalgo,
Violeta Gil e Celso Jiménez

Elenco: Lucía Oña, Gonzalo Herrero, Siro Ouro
e Candela Recio

Iluminación: Eduardo Vizuite e David Benito

Música orixinal: Merran Laginestre

Vestuario: Pedro y el Lobo e La Tristura



Materia pr



ima

Materia prima é a última proposta da compañía La Tristura. O espectáculo toma como punto de partida *Actos de juventud*, montaxe que a agrupación teatral presentou en Escena Contemporánea 2010 e que estaba interpretada polos seus propios creadores, catro mozos de ao redor de 25 anos.

Materia prima é o resultado escénico dun estudo sobre a herdanza, a educación e o futuro, que empezou en 2004 e que culmina con este espectáculo que dá fin á que o grupo chamou “Triloxía da Educación Sentimental”. Nesta ocasión, os materiais de La Tristura (escenas, textos e accións) son atravesados, contaminados e transformados por catro pequenos intérpretes nados a partir do ano 2000. Lucía Oña, Gonzalo Herrero, Siro Ouro e Candela Recio son os protagonistas desta peza que conta cun marcado carácter autobiográfico e interxeracional.

Seguindo o seu camiño de investigación na área das artes escénicas, La Tristura adaptou os diálogos e as escenas de *Actos de juventud* ás aptitudes de catro nenos de 10 anos. A nova versión fala da xeración nacida nos anos 80, xeración que loita por unirse, por existir e por crer en si mesma. Trátase dunha obra para adultos interpretada por nenos que fala sobre o que os maiores prometeron e que non cumpriron, tal e como o farán os rapaces.

Itsaso Arana, Pablo Fidalgo, Violeta Gil e Celso Jiménez, os catro compoñentes de La Tristura, comezaron a traballar en Madrid en 2004. Formados no ámbito teatral, centraron os seus traballos na investigación de novas linguaxes escénicas a través da creación de mundos propios e dun uso coidado da palabra. En 2006 estrearon a peza *La velocidad del padre, la velocidad de la madre*, coa que viaxaron por todo o territorio español. O seu segundo traballo, *Años 90. Nacemos para ser estrellas*, obtivo o Premio Injuve 2008. Propostas Escénicas e dous anos máis tarde a compañía estreou *Actos de juventud*, coa que quedou finalista do Premio L'Escorxador de Lleida.

La Tristura cre na implicación absoluta dos membros da compañía en cada aspecto do feito teatral, na toma de decisións e no compromiso activo cunha forma de vivir. No tempo da postmodernidade, a compañía fai teatro coa convicción de que as palabras e os xestos poden cambiar as cousas. E de que só hai un xeito de diferenciar o real e o ficticio, que é a busca incansable da beleza e a verdade.

MARZO

0,7% Molotov

Teatro

0,7% Molotov

TEATRO DE NINGURES

Venres 16 e sábado 17 de marzo, ás 20.30 horas;
domingo 18, ás 18.00 horas

*Obra gañadora do XIV Premio de Teatro Rafael Dieste
da Deputación da Coruña e finalista ao Premio Max 2012
ao Mellor Autor Teatral en Galego*

Dramaturxia e dirección: Santiago Cortegoso

Elenco: Rocío González e Salvador del Río

Bailaríns: Armando Martén e Ana Beatriz Pérez

Escenografía: Pablo Giráldez "O Pastor"

Iluminación: Paco Alfaro

Música orixinal: Anxo Graña

Vestiario: Marián Bañobre

Coreografías: Ana Beatriz Pérez, Armando Martén
e Compañía de Danza Entremáns





LELA –neohippy solidaria– acaba de chegar de África. EL –nihilista solitario– contrátala para facer a vendima. ELA namórase do vento que sobe do río. Descubre un lugar no que atopar unha identidade libre de conflitos, no que ser auténtica. EL está de volta dunha vida urbana hipócrita, na que vendeu a conciencia e a coherencia política en cómodos prazos. As uvas deste ano prometen un viño intenso, aromático, doce no padal. Pero a colleita non vai rematar. Nin as vides poden escapar das gadoupas dun capitalismo salvaxe que se expande coma o vento ata o máis afastado recuncho do mundo.

No contexto dunha hipócrita e consumista sociedade occidental, na que a solidariedade, o compromiso político e as conciencias se mercan en cómodos prazos, EL –nihilista e solitario– contrata a ELA –neohippy solidaria recién chegada de África– para que lle axude a vendimar as uvas que o afastan das gadoupas dun capitalismo globalizado e salvaxe, que se expande como un gas que non pode evitar respirar nin no máis afastado recuncho dun mundo inxusto e contraditorio. ELA, sedenta dunha identidade libre de conflitos, expía as súas culpas entre a terra, as estrelas e un vento que os devolverá ao comezo do viacrucis.

ELA –a actriz Rocío González– é unha moza idealista, enérxica e cooperante, cos seus conflitos de identidade. Procura o seu propio lugar no mundo, convencida de que as cousas poden mudar. EL –papel interpretado por Salvador del Río– é un escéptico desencantado, que pasou de mozo soñador a socialdemócrata acomodado, consciente de que o mundo occidental aspira a manter o seu estilo de vida consumista. Séntese frustrado ante a imposibilidade de cambiar un mundo desigual e inxusto. Os bailaríns Armando Martén e Ana Beatriz Pérez acompañan os monólogos interiores dos dous personaxes, reflectindo co movemento o que EL e ELA pensan.

A montaxe trata con ironía e o humor o tema do compromiso político e a dificultade de adoptalo sen caer en contradicións.



MARZO



Sarahyba

Música

Sarahyba

LIORNA

Ciclo ST Música Presente

Xoves 22 de marzo, ás 21.00 horas

Desde 1996, Liorna elixiu o camiño máis difícil para converterse nunha das realidades máis frescas e puxantes do panorama folk de Galicia. Mentres resulta habitual que as formacións e solistas do xénero recorran ao repertorio tradicional para configurar os seus discos, o grupo marinense apostou desde o principio polas súas letras e a súa música, á procura dunha linguaxe propia diferenciada.

Liorna publica o seu cuarto traballo discográfico *Sarahyba* (Edicións do Cumio, 2010), que segue na liña folk habitual, baseada na tradición galega con pinceladas actuais. Neste disco, preséntanse dez temas que retroceden á orixe do grupo en canto a estrutura e temas das súas cancións, aderezados con novas sonoridades e sen deixar de lado a

intención de facilitar a audición esencial das súas melodías.

Para a súa produción, o grupo contou coa colaboración do cantautor brasileiro Gustavo Almeida e da violinista Begoña Riobó. Ademais, dous temas foron gravados en directo no Teatro Colón da Coruña dentro do espectáculo *Gallaecia*, acompañados pola Orquestra Sinfónica de Melide e das Pandereteiras da Agrupación Trompos aos Pés.

Xunto a Alberto Lago (gaita e piano), forman parte de Liorna os seus irmáns Carlos (batería) e Luis (percusións), Javier Rabanal (baixo), Jaime Reboyo (zanfona e saxo soprano), Rafael Maquieira (guitarra), Montse Ogando (voz e piano) e Tania Garrido (voz).



MARZO

La velocidad de las cosas

Danza
La velocidad de las cosas
MÓNICA GARCÍA
Venres 30 e sábado 31 de marzo, ás 20.30 horas

Creación e interpretación: Mónica García
Asistencia artística: Ricardo Santana e
Iván Marcos

Duración: 45 minutos

ad

La velocidad de las cosas é un só de danza no que a bailarina e coreógrafa Mónica García utiliza a escena como dispositivo de confesión e, ao mesmo tempo, como un exercicio e resultado dunha auto-enunciación. A danza comeza ao poñer en relación as percepcións internas e externas facéndose consciente ao momento das dinámicas, espazos e intensidades.

Roland Barthes en *Fragmentos de un discurso amoroso* fala sobre o lugar que ocupa a sentimentalidade na modernidade, atribuíndolle a “obscenidade do amor” e como o suxeito amoroso ha de asumir esta sentimentalidade e o lugar onde o sitúa. Baseándose no cuestionamento desta sentimentalidade, na súa confrontación co que provoca e o conflito que se xera de aí, a creadora galega traballa sobre unha percepción de ser-no-mundo, sobre a idea de “producir efecto”, sobre o “afectar a” e “afectar-se”. Para iso, emprega como materiais ao corpo, ao movemento e ao son.



"Asumo finalmente que son calquera novela romántica de finais do XVIII lida nun autobús. Asumo que son Werther afectado, descorido, exposto, odioso, servente, aparente e lánguido. Sen discurso válido que desprace outra cousa que non sexan os seus afectos, dende o cuarto de baño ás conversacións sobre o poder. Werther inválido. Multiplicación de Werther por mil, e mil Carolotas. A escena: ela está sentada ao bordo dun sofá e el recítalle un poema de amor dirixíndose á cámara".

Mónica García

ABRIL



Oeste solitario



Teatro

Oeste solitario

PRODUCCIÓN TEATRÁIS EXCÉNTRICAS

Venres 20 e sábado 21 de abril, ás 20.30 horas;
domingo 22, ás 18.00 horas

*Obra candidata ao Premio Max 2012 ao
Espectáculo Revelación*

Autoría: Martin McDonagh

Tradución: Avelino González

Dirección: Quico Cadaval

Elenco: Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira,
Marcos Correa e María Lado

Escenografía: Marcelino de Santiago
"Kukas"

Iluminación: Octavio Mas

Música e deseño de son: Piti Sanz

Unha casa afastada nas terras esquecidas do oeste de Irlanda. Ao pé da casa, unha lagoa de augas escuras. Aló abaixo, a aldea, ao carón da ría de Leenane.

Nesa casa viven os protagonistas do *Oeste solitario*, Valene e Coleman Connor. Tan pronto como regresan do funeral do seu pai, os dous irmáns xa empezan a disputarse a herdanza e convérten a casa nun campo de batalla. A historia semella que só pode acabar de dúas maneiras: cun coitelo entre os omóplatos ou cun cranio rebentado polo tiro dun cartucho do 12.

Nesta especie de "western doméstico" tamén interveñen Girleen, a rapariga da aldea que lles vende o augardente ilegal, e o padre Welsh, patético párroco fracasado, que provocan, sen sabelo, un xiro inesperado na historia.

Oeste solitario é unha obra de Martin McDonagh, autor tamén de *Un cranio furado* que Excéntricas presentou na tempada pasada, e que mereceu o aplauso do público e cinco premios María Casares. Con *Oeste solitario*, Martin McDonagh fechou a súa *Triloxía de Leenane*, a terra do oeste de Irlanda na que pode pasar de todo.



ABRIL



Riobó



Música

Riobó

RIOBÓ


Ciclo ST Música Presente

Xoves 26 de abril, ás 21.00 horas

Begoña Riobó é, actualmente, unha das violinistas con maior proxección no panorama musical galego. Cunha destacada traxectoria artística (formou parte das bandas de Carlos Núñez, Susana Seivane, Anxo Lorenzo ou Sondeseu), preséntase como a primeira violinista folk galega en liderar o seu propio proxecto.

Riobó é o nome do grupo de Begoña, e tamén o título do seu primeiro traballo discográfico, que se caracteriza polo virtuosismo dos seus músicos á hora de arranxar e interpretar melodías da tradición galega, sendo fieis ás súas formas e orixe. Deste xeito, cada concerto convértese nunha mostra de sensacións, onde conviven as raíces culturais máis puras con fórmulas interpretativas actuais.

Acompañando a Begoña, en *Riobó* (Zouma Records, 2011) atópanse catro recoñecidos músicos cunha sólida traxectoria, habituais nos principais proxectos musicais de Galicia. Son Fernando Barroso (guitarra), Marcos Campos (gaita, acordeón e frautas), Xosé Liz (bouzouki) e Fernando Pérez (frautas e requinta).



Sessão Nº 1



Arrinquen o seus billetes e pasen adentro, tomen asiento e abran os ollos. Benvidos ao cine como nunca antes o teñen visto!

– Podes imaxinar un cine ambulante que poida tomar un espazo cultural, auditorio, teatro, café, praza, garaxe, alpendre, ferraría ou calquera lugar imaxinable e convertilo nun auténtico cine no que gozar dunha experiencia única como hai máis de 100 anos que non se coñece?

– Sentiches algunha vez a emoción de ver os grandes clásicos da era do cine mudo pasar por diante da lámpada de proxección en auténtica película cinematográfica entre os rodillos dentados dun proxector con máis de 50 anos de funcionamento?

– Estás disposto a coñecer de primeira man o universo hilarante de tres irmáns que emulan a maxia e a paixón dos primeiros tolos do cinematógrafo?

Pasen e vexan, Os Irmáns Lumieira transportan nos seus caixóns tesouros únicos polos que pasan cómicos como Chaplin, Buster Keaton, Harold Lloyd, prestidixitadores como Méliès, Segundo de Chomón... E asombrosos e desconcertantes experimentos filmados por eles mesmos en película cinematográfica de 16 mm.



Teatro

Sesión Nº 1

O FANTABULOSO CINE AMBULANTE DOS IRMÁNS LUMIEIRA

Sábado 28 de abril, ás 20.30 horas; domingo 29, ás 18.00 h

Dirección, vestuario e caracterización: Víctor Mosqueira

Idea orixinal: Tomás Lijó

Elenco: Carlos Meixide, Tomás Lijó e Suso Alonso

Música: Suso Alonso

Escenografía: Pepe Penabade

A compañía de nova creación O Fantabuloso Cine Ambulante dos Irmáns Lumieira presenta unha primeira sesión dedicada ao mundo do *slapstick*, o xénero cómico por definición da era do cine mudo, con dous dos seus grandes mestres. Harold Lloyd e Buster Keaton conforman, xunto con Charlie Chaplin, o triunvirato dos grandes cómicos do cine mudo americano. Os seus personaxes característicos, decote perdedores inocentes máis perseverantes nun mundo seguido cambiante, adquiriron cotas de brillantez nunca despois alcanzadas.

Esta *Sesión Nº 1* está composta pola presentación e proxección de *sketchs* e trucos visuais propios dos Irmáns Lumieira e das curtametraxes: *Never Weaken* (*Viaxe ao paraíso*, 1921, 23 min.) e *The Blacksmith* (*O Ferreiro*, 1922, 21 min.). No escenario, estarán os irmáns Lumieira: o irmán grande, Carlos Meixide, encarna a figura parlante destas proxeccións mudas, o narrador, o showman, o mestre de cerimonia. O irmán mediano, Tomás Lijó, é o científico; os proxectores de 16 mm son a súa debilidade, os rodillos, a película, cortar e pegar... E finalmente, o irmán pequeno, Suso Alonso, pianista de formación clásica cunha longa experiencia na vella arte de acompañar proxeccións.



MAIO



Blondy's

Danza

Blondy's coffee. Peza soa para dúas mulleres

ENTREMANS COMPAÑÍA DE DANZA

Venres 4 e sábado 5 de maio, ás 20.30 horas

Creación, dirección e interpretación: Kirenia Martínez e Beatriz Pérez

Iluminación: Octavio Mas

Audiovisual: Masako Hattori

Fotografía: Román Montesinos

Duración: 50 minutos



s coffee

Dúas mulleres sumidas no tedio refúxianse en estraños pasatempos en procura de novas emocións que lle devolvan a súa propia natureza... un hábitat onde atoparse elas mesmas coas súas miserias e as súas grandezas... unha viaxe polo laberinto da mente feminina. Se a vida é un xogo e do teu estás farto... Na pel de quen gardas os teus recordos?

En *Blondy's Coffee*. Peza soa para dúas mulleres pódese descubrir as personaxes, saborear as súas intrigas, viaxar ao interior que as habita nas súas 9 escenas, facendo xogo con imaxes audiovisuais que afondan aínda máis a historia.

A compañía Entremans inspirouse na exposición fotográfica *Evanescencias* (de Román Montesinos e Kirenia Martínez) para esta peza de danza contemporánea cargada de humor. O barco de papel que suca as ondas, o ovo sobre o abdome simbolizando o embrión, un peixe enrolado no pulso mostrado orgullosamente como unha pulseira mentres as mans se entrelazan, a man sobre o xeonllo revelando un estado de espera para a recepción... son algunhas das fotografías que compoñen a mostra e moitas das cales se reflicten dentro da coreografía, a través de grandes detalles de movemento.

MAIO

The future is green





Música

The future is green

BORJA CAO TRÍO

Ciclo ST Música Presente

Xoves 10 de maio, ás 21.00 horas



Borja Cao presenta o seu segundo traballo *The future is green* no que mestura sons clásicos do jazz con músicas tropicais e ritmos electrónicos. Coa colaboración de Max Gómez á batería e a incorporación de Juansi Santomé ao contrabaixo, este trío continúa a súa andaina xunto co selo Audia Records que segue co seu labor de dar a coñecer facetas do novo jazz feito en Galicia.

O primeiro traballo deste pianista ourensán, exemplo do emerxente jazz galego, saíu á rúa baixo o nome de *Match-ball*. Todos os temas eran de creación propia e gozou de boa acollida por parte da crítica e prensa especializada.

MAIO



Winnie
son eu



Teatro – Estrea

Winnie son eu
PÍFANO TEATRO

Venres 11 e sábado 12 de maio, ás 20.30 horas;
domingo 13, ás 18.00 horas

Autoría e dirección: María Armesto

Elenco: Mela Casal, Xavier Picallo, María Armesto e
Marcos Sánchez Armesto

Iluminación: O'hio Light

Vestuario: Cocó Limón

Atrezzo: Evita y Punto

Espazo sonoro e escénico: María Armesto

Coach de María Armesto: Xavier Picallo



Catro personaxes intentan, ata a exasperación, conectar con algo que os distraia dos seus pesares: unha radio, un amor, *Romy Schneider*, unha nai, o pasado, o alén, un papá, Raphael, o que faga falta, todo con tal de fabricar un presente que lles permita imaxinar o futuro dos seus *pes dans la mèr*.

Como conmemoración do cincuenta aniversario da creación de *Happy Days* de Samuel Beckett, Pífan Teatro, con Mela Casal á súa fronte, acorda levar adiante a produción do texto de María Armesto *Winnie son eu*, unha reescrita do lendario texto de Beckett e do seu personaxe principal *Winnie*, único personaxe feminino de envergadura do universo creativo do autor.

O espectáculo titulado *Winnie son eu* aborda, desde a perspectiva do teatro do absurdo e co seu humor implacable, o tema da soidade e da inmovilidade das persoas e a súa loita desesperada e cómica por intentar comunicarse e avanzar.

Nacida no ano 1961 e superada xa a metade da súa viaxe, esta muller chamada Ela, busca superar o *impasse* no que está suspendida a súa vida, e faíno falando, cantando, fabulando, amando, odiando, lembrando, soñando...

O mar, Lubitch, Rommy Scheider, Joyce, o musical, Galicia queimada ou *petroleada*, Genet, Rimbeau, Louise Labé ou o propio Beckett forman parte do seu particular universo cotiá. Tres personaxes acompañana nesta odisea: Leo, Françoise e Papá.



MAIO

VI Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico 2012



Espazo Radioescénico

Acto de entrega do VI Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO e RADIO GALEGA

Martes 15 de maio

O Centro Dramático Galego (CDG) e a Radio Galega puxeron en marcha, por sexto ano consecutivo, unha nova edición do Premio "Diario Cultural" de Teatro Radiofónico, que conta co patrocinio da Agadic (Axencia Galega das Industrias Culturais) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O premio ten unha dotación total de 6.000 euros, 3.000 para cada unha das dúas modalidades que contempla, que se corresponden coa distinción outorgada pola audiencia e coa ditaminada polo xurado.

A compañía pública galega está a realizar a adaptación para a radio das catro obras finalistas seleccionadas de entre as 52 obras presentadas nesta sexta edición. Baixo a dirección de Evaristo Calvo, un elenco integrado por nove actores e actrices –Paula Buxán, Marcos Correa, Borja Fernández, Víctor Mosqueira, Rocío González, Nuria Sanz, Laura Ponte, Pilar Pereira e José Luís López (Sacha)– pon voz aos personaxes dos textos *Poema sinestésico para tres voces e un can*, *Ironías*, *Quendas* e *Intercom-baby*. Estas pezas dramatizadas emitiranse ao longo do mes de marzo nos distintos programas da Radio Galega para abrir as votacións por parte da audiencia.

Como acto de entrega e comunicación dos premios terá lugar a celebración do denominado espazo radioescénico, unha emisión especial do programa *Diario Cultural* na que se interpretarán, en directo e diante do público, algúns fragmentos das obras galardoadas.

Único das súas características en Galicia e pioneiro a nivel estatal no fomento da escrita de textos dramáticos para a radio, o Premio "Diario Cultural" de Teatro Radiofónico está impulsado polo programa do mesmo título, decano da información cultural galega que dirixe Ana Romaní, co obxectivo de incentivar a creación dun corpus dramático propio para este medio. Pretende fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio, facilitar o diálogo entre a dramaturxia contemporánea e o medio radiofónico e contribuír á recuperación desde unha perspectiva contemporánea do xénero de teatro radiofónico.

MAIO

Ronda Po





ética



Teatro de rúa

Ronda Poética.

O batallón literario da Compañía Femme Fatale

COMPAÑÍA FEMME FATALE

Xoves 17 de maio, ás 12.00 horas

Creación e dirección: Nelson Quinteiro

Elenco: Fabiana Gastaldello, María Manero, María Polo, Nelson Quinteiro, Moncho do Orzán e Uxía Vázquez

Música en directo: Moncho do Orzán

Vestuario: Compañía Femme Fatale. Talleres Felicidad García

Para conmemorar o Día das Letras Galegas, celebrarase un pasarrúas literario, a cargo da Compañía Femme Fatale, na que cinco actores caracterizados de escritores de inspiración decimonónica acompañados por un acordeonista percorrerán as rúas do centro histórico a golpe de versos, facendo improvisacións, agasallando poemas, relatando cadáveres exquisitos, recitando, escribindo versos no chan, bailando e interactuando cos viandantes nunha proposta moi visual e nada prosaica.

Trátase dun espectáculo de rúa que aborda a figura do escritor/a desde o concepto que del mesmo habita no imaxinario colectivo. Unha proposta que reivindica o papel da poesía e o seu espazo nas nosas vidas. Un pasarrúas itinerante con música en directo que une unha posta en escena moi coidada cunha interpretación que reivindica a exaltación poética.

MAIO

XIII

MITU

MOSTRA

INTERNACIONAL

DE TEATRO

UNIVERSITARIO

Teatro

XIII Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITU)

Do luns 21 ao mércores 30 de maio

Promove: *Aula de Teatro Universitario da
Universidade de Santiago de Compostela*

A programación estará dispoñible na axenda da
Área de Cultura da páxina web da Universidade de
Santiago de Compostela:

<http://www.usc.es/cultura/axenda.htm>

XUÑO

Área de descanso

Cabaré

Área de descanso

GAYO PINHEIRO

Venres 1 e sábado 2 de xuño, ás 20.30 horas

Creación, dirección e interpretación: Clara Gayo e Iria Pinheiro





Dúas mulleres escapan con vida dunha academia de oposicións. Despois dunha breve e axitada visita á oficina do INEM, deciden romper con todo e lanzarse a unha aventura incerta polas estradas do país, percorrendo os lugares máis recónditos e protagonizando escenas inventadas por elas mesmas, inspiradas nos iconos máis representativos do cine e a televisión e nas que versionean ao seu modo o papel das mulleres na literatura e os films, cansas dos eternos argumentos pasivos que tradicionalmente lles outorgan. Texto e música para un espectáculo mordaz, cómplice e, sobre todo, feminino.

Gayo Pinheiro é o dúo formado por Clara Gayo e Iria Pinheiro que veñen de “asociarse” recentemente para ofrecer a súa primeira proposta escénica *Área de descanso*. Trátase dun espectáculo inspirado no código do xénero cabaré, onde dúas mulleres narran as súas peripecias desde que deciden dar un xiro á súa vida e percorrer o mundo á marxe de crises e conflitos internacionais. Cunha linguaxe sinxela e mesmo achegada ao absurdo, analizan a actualidade e os problemas dun sistema económico e social esencialmente dominado por homes no que non atopan o seu lugar.

En *Área de descanso* estas mulleres falan, opinan, critican e analizan todo, con acidez e ironía, e toman postura ante o que acontece sempre desde a súa propia natureza e razón de ser, parodiando por momentos os roles masculinos típicos, pero sen deixar que estes acaben sendo os protagonistas pasivos.



XUÑO



Música

Acróbata

UGÍA PEDREIRA E FRED MARTINS

Ciclo ST Música Presente

Xoves 7 de xuño, ás 21.00 horas

Acrobata

Acrobata (Folque Music, 2011) é o resultado dunha conxunción artística natural xermolada tras un encontro entre Ugia Pedreira e Fred Martins en Rio de Janeiro en 2008.

Anos despois daquela unión nace este disco de autor con composicións orixinais e propias que será lanzado como un exercicio de verticalidade, é dicir, como unha obra que mira hacia dentro e se identifica co sinxelo, o íntimo e o reducido mostrando sen demostrar. Trátase dun traballo que navega entre os dous extremos que delimita a sensibilidade e a forza.

A palabra é o único vestiario deste traballo onde as linguas galega e portuguesa se saúdan dun xeito

cordial e responsable. É a poesía a auténtica protagonista e a única con poder absoluto en todas estas composicións engalanadas coa música. *Acrobata* é, sen lugar a dúbidas, o mellor exemplo pop do achegamento da música popular brasileira coa música popular galega.

Ugia Pedreira é xa unha artista e compositora consolidada no panorama artístico galego. É unha das caras visibles de proxectos musicais xa coñecidos como Nordestin@s, Ecléctica Ensemble ou Marful, entre outros. Fred Martins xa ten publicados catro discos como cantor e compositor. Os seus temas foron gravados por artistas universais do Brasil como Ney Matogrosso, Maria Rita ou Zélia Duncan.



XUÑO



O fútbol é así

Teatro

O fútbol é así

OBRAS PÚBLICAS

Venres 8 e sábado 9 de xuño, ás 20.30 horas;
domingo 10, ás 18.00 horas

Autoría e dirección: José Prieto

Elenco: Leandro Lamas e Mos

Despois do éxito da súa anterior produción, *Life is a paripé* (finalista ao Premio Max ao Mellor Espectáculo Revelación), a compañía Obras Públicas presenta a súa nova montaxe *O fútbol é así*, que trata de desenmascarar a cultura do espectáculo exemplificado no considerado o deporte máis popular do mundo.

60 minutos de música, fútbol e teatro conforman esta comedia disparatada baseada en feitos inventados que ben poideron ter ocorrido na fase final dun mundial no que xogaba unha selección vestida de vermello. Así, entre risos e música, Leandro Lamas e Mos interpretan a xornalistas deportivos, á afección e, por suposto, a futbolistas famosos e a eternos segundóns.



XUÑO



Loaira

Música

Loaira

LOAIRA

Ciclo ST Música Presente

Xoves 14 de xuño, ás 21.00 horas



O grupo Loaira xorde por mor das inquedanzas que os seus tres compoñentes amosan na busca de sons novos e versátiles, que beban directamente da música tradicional galega e aposten forte pola música de autor. Deste xeito e partindo das raíces, o trío fai unha mestura de ritmos e melodías que van desde o Swing ata a Bossa Nova, pero tamén recalcan na música de reelaboración en temas como “Alalá do Vikingo”.

Clara Pino (harpa celta e voz), Rubén Abel (guitarra) e Roi Adrio (percusións) son os integrantes desta formación. Os tres teñen unha gran bagaxe musical, tanto como instrumentistas solistas, como parte de coñecidas agrupacións como son Sete Saías ou Quempallou.

A proposta musical de Loaira está intrinsecamente ligada á literatura, con letras sumamente coidadas, escritas coa colaboración da poetisa Mariña Pérez. Asemade, a cualidade dos seus músicos fixo que este disco se gravase case como un directo ao que se lle engadiron *recordings* de guitarra e, pese a súa sinxeleza, constitúe un traballo compacto e ben estruturado. Este primeiro disco, titulado xenericamente *Loaira* (Sons Galiza, 2011), é a porta de entrada ao mundo da fusión e que nos trasladan a territorios de músicas e ritmos de diferentes latitudes.

XUÑO



O Coro da

Música

O Coro da Rá

Sábado 16 de xuño, ás 20.30 horas;
domingo 17, ás 18.00 horas



Rá

O Coro da Rá presenta no Salón Teatro o seu novo repertorio que, unha vez máis, se basea na música popular e vai desde o rock de Frank Zappa ata cancións de Milton Nascimento, pasando por temas de Queen, Bob Marley ou os Beach Boys. Paradoxalmente, este concerto no escenario do Salón Teatro é para eles algo estraño, pois o seu hábitat natural é a rúa.

O Coro da Rá fundouse en 1993 ao abrigo de Escola de Música Estudio, de Santiago, e continúa a ser o seu coro residente. O enfoque inicial foi o de realizar un repertorio que se afastase do que é tradicional neste tipo de formacións, centrándose na música moderna e indo desde o soul, o blues, o jazz, o rock, o pop, ata o repertorio brasileiro e a música étnica. En vivo, a característica que o diferencia doutros coros son as súas intervencións sorpresa que denominan "Concertos Comando". Estes peculiares concertos que fan polas rúas das cidades buscan golpear coa súa música no lugar e momento menos pensado, sorprendendo os transeúntes cada vez que actúan.

Baixo a dirección de Ramón Bermejo, está formado por un número de voces que oscila entre 40 e 65, e conta cun amplo abano de solistas entre os que se contan destacados cantantes do panorama musical galego como Ángeles Lago, Najla Shami, Nastasia Zürcher, María Caramés, Diana Vilas, Rocío Jiménez, Paty Lesta, Faia Díaz, Mon Orencio, Sergio Piñeiro...

02

salón teatro
venta de entradas

VENDA DE ENTRADAS

Salón Teatro
Rúa Nova, 34
Santiago de Compostela

Billeteira: Tel. 981 58 49 78
(Aberta desde dúas horas antes do comezo de cada espectáculo)

As entradas para asistir aos diferentes espectáculos poranse á venda no despacho de billetes do Salón Teatro, que permanecerá aberto desde dúas horas antes do comezo. Ademais, poderán adquirirse por anticipado na billeteira electrónica da web

<http://www.entradas.novagaliciabanco.es> e no teléfono **902 43 44 43**.

O prezo das localidades é de 10 euros (con descontos do 40 por cento para estudantes, xubilados, usuarios do carné xoven, desempregados e determinados colectivos profesionais) e de 5 euros para as funcións do domingo, día do espectador.

Máis información en **www.centrodramatico.org**

03 formación

A *COMMEDIA DELL'ARTE* E AS TÉCNICAS DA COMEDIA

O Centro Dramático Galego (CDG) organiza o curso *A commedia dell'arte e as técnicas da comedia* que o autor, actor e director italiano Massimo Malucelli impartirá no Salón Teatro do 10 ao 13 de abril e no que se traballará sobre a capacidade creativa do intérprete cómico. Tamén está prevista, como acto de clausura do curso, unha exhibición aberta ao público dos exercicios traballados.

O curso, que consta total de 20 horas lectivas (con catro sesións de 10:00 a 14:00 e catro horas máis de exhibición) retoma o programa de formación continua dirixido aos profesionais da escena

promovido pola compañía pública, que en outras ocasións ten ofrecido xornadas de aprendizaxe con mestres como Thomas Leabhart, Mario Tomás ou Alfredo Padilla.

Nesta ocasión, desde un enfoque eminentemente práctico, os quince participantes aproxímanse da man do mestre florentino, profesor na actualidade na Universidade de Ferrara, aos diferentes personaxes arquetipos da *commedia dell'arte*, coa finalidade de ampliar os coñecementos e a capacidade creativa do actor cómico.

LECCIÓN

01

- ▶ Introducción práctica ao traballo sobre os personaxes: centros corporais, o traballo sensorial e a conexión coa situación escénica
- ▶ Introducción xeral: a Comedia da Arte: a primeira, as máscaras, os personaxes
- ▶ Exercicios prácticos. A organización e o desenvolvemento da escena. O carácter e o traballo creativo e interpretativo dos actores que se manifesta inmediatamente no corpo: estado de tensión; as materias, animais, cores; o espazo e o conto escénico. O espazo físico convértese nun espazo de ficción
- ▶ Introducción xeral ás máscaras da *Commedia dell'Arte*: máscaras e personaxes, a improvisación, a fantasía que se converte en realidade, a trama (*canovaccio*) e o drama

LECCIÓN

02

- ▶ Postura física, o camiñar e situacións típicas dos personaxes dos "Amantes"
- ▶ Introducción: os Namorados, características e funcións dramáticas. Chistes (*lazzi*) e improvisacións. "O sentido do amor." O arquetipo dos "Amantes" e as súas filiais na actualidade
- ▶ Postura física, o camiñar e situacións típicas do personaxe do "Capitán"
- ▶ Introducción: o "Capitán", aspectos dramáticos e funcións. Chistes (*lazzi*) históricos. As mulleres, a coraxe e o medo". O arquetipo do "Capitán" e as súas filiais na actualidade

LECCIÓN

03

- ▶ Postura física, o camiñar e situacións típicas do personaxe do "Doutor"
- ▶ Introducción: o "Doutor", características e funcións dramáticas. Chistes (*lazzi*) e improvisacións. *Sproloquio*. O arquetipo do "Doutor" e as súas filiais na actualidade
- ▶ Preparación da trama cos Namorados, o Capitán, o Doutor
- ▶ Revisar e comentar sobre as tramas

LECCIÓN

04

- ▶ Postura física, o camiñar e situacións típicas do personaxe de "Pantaleone"
- ▶ Introducción: "Pantaleone", características e funcións dramáticas. Chistes (*lazzi*) e improvisacións. "O sentido da memoria". O arquetipo de "Pantaleone" e as súas filiais na actualidade
- ▶ Preparación da trama cos Enamorados, o Capitán, o Doutor e Pantaleone
- ▶ Revisar e comentar sobre as tramas

LECCIÓN

05

- ▶ Técnica do personaxe, a postura física e o camiñar de "Zanni" (paso en dous, paso en tres, Zanni Grande, Zanni Cansado)
- ▶ Introducción ao personaxe e á máscara de "Zanni"
- ▶ Exercicios para entrar no mundo de "Zanni". O rexistro histórico: as improvisacións sobre a trama en "Miles Gloriosus", teatro medieval, os bufóns
- ▶ A sociedade de "Zanni": a dimensión colectiva do personaxe
- ▶ A trama: os "Zanni" charlatans

LECCIÓN

06

- ▶ Técnica do personaxe, a postura física e o camiñar de "Zanni" (paso en dous, paso en tres, Zanni Grande, Zanni Cansado) (Continuación)
- ▶ Introducción ao carácter e a forma de "Zanni". (Continuación). A imaxinación en "Zanni". O arquetipo de "Zanni" e as súas filiais na actualidade
- ▶ Exercicios para entrar no mundo de "Zanni". "Zanni e os animais. Uso metafórico do obxecto. O exercicio da improvisación colectiva da tribo
- ▶ A trama: con todos os personaxes: Zanni, os Namorados, o Capitán, o Doutor e Pantaleone
- ▶ Informe consultivo final do seminario sobre a experiencia no percorrido teatral de cada participante

Massimo



Malucelli

Formouse na Universidade de Bolonia onde se graduou *cum laude* en Filosofía cunha tese sobre a análise dunha trama da *commedia dell'arte*. Estudou con grandes mestres internacionais como Sandra Seacat, Francesca de Sapio, Guiseppe Perruccio, Julie Garfield (no Actors' Studio de Nova York) (interpretación), Richard Haisma (teatro corporal), Michalkov Nichita (improvisación), no Roy Hart Theatre (técnicas vocais), Yves Lebreton (mimo) ou Antonio Fava (*commedia dell'arte*).

É autor de máis de 50 obras de teatro –entre textos orixinais e adaptacións– e participou como actor noutras tantas montaxes. Como director, ademais de textos propios, puxo en escena obras de teatro de Chéjov, Pirandello, Shakespeare, Petrolini ou Esopo, entre outras moitas, así como a ópera *Rita* de Donizetti. É, tamén, o director artístico de "Teatro máis alá da néboa", un circuío de teatro recoñecido na Rexión Emilia Romagna, e profesor adxunto na Universidade de Ferrara, onde imparte a cátedra "Escena electrónica e teatro dixital".



04 producción propia





FURIAS AS

AS

As Furias

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Autoría: Neil LaBute

Dramaturxia e dirección escénica: Andrés Lima

Adaptación: Pepe Sendón

Escenografía: Beatriz San Juan

Música: Nick Powell

Estrea: 7 de setembro, no Salón Teatro de Santiago de Compostela

A nova produción do Centro Dramático Galego *As Furias* recolle os catro textos de Neil LaBute *The Furies*, *Helter Skelter*, *Iphigenia in Orem* e *Medea Redux*. Trátase de catro pezas breves, catro situacións íntimas, tensas e delicadas, que serán sometidas á mirada do espectador.

Vida de parella, amor, desamor, ciumes, sospeita, desconfianza, paixón, paixón desmedida, angustia vital, precariedade laboral, moito humor. Neil LaBute manexa a cotianidade como ninguén, lémbra-nos a Woody Allen pero é máis meticuloso, máis Chejoviano, valla a pedantería. Móvese no mundo "normal" con tal fluidez que aos poucos minutos de lectura –ou de representación– parece que estás dentro, cos personaxes, charlando, gastando bromas e aí é cando te pega o machadazo. Neil LaBute é especialista en sacar o excepcional deste mundo corrente e moliente, e así para el, o día a día é como unha traxedia grega. Este grupo de pezas curtas forman unha unidade traxicómica que define con precisión as relacións afectivas da clase media nunha idade media. En resumo é un retrato cruel da parella, pero máis que iso é un retrato cruel da sociedade e a cultura que leva á parella a despezarse e a despezar todo o que o rodea. Este retrato destrutivo do mundo ten moita graza e é precisamente no humor onde radica oculta a proposta de LaBute e coa que eu comungo. Se rimos un pouco non haberá tantos mortos.

7 actores á vez. Coro e protagonistas. 7 intérpretes ben afinados capaces de pasar do monólogo trágico á improvisación cómica nun segundo.

As Furias teñen cabeza de can, ás de vampiro e en vez de cabelos, serpes. *As Furias* víxian a porta do mundo inferior, castigando aqueles cuxos crimes non foron expiados no mundo dos mortais. Para cumprir a súa misión *As Furias* levan consigo látigos de coiro e terribles aneis de bronce.

As Furias xa están entre nós.

Andrés Lima
Director escénico



Andrés Lima. Director escénico

Andrés Lima pertence a esa nova xeración de profesionais da escena que asumen o seu oficio desde diferentes perspectivas. O seu rostro é coñecido en televisión polo seu papel na serie *Policías*, ou en películas como *Los lunes al sol*, de Fernando León, *Juana la loca*, de Vicente Aranda ou *El viaje de Carol*, de Imanol Uribe.

É o director e membro da compañía Animalario, un dos grupos de teatro máis recoñecido dos últimos tempos, que obtivo en 2005 o Premio Nacional de Teatro ademais de quince Premios Max, tres deles, ao Mellor Director. Entre os seus últimos traballos como director teatral para esta formación destacan, entre outros, *Hamelín*, un texto de Juan Mayorga polo que foi galardoado co Premio Nacional de Teatro 2005 así como co Premios Max 2006 ao Mellor Director; *Penumbra*, de Juan Mayorga e Juan Cavestany; *Angelino, servidor de dos amos*, unha versión da obra de Goldoni pola que obtivo novamente o Premio Max 2009 ao Mellor Director; ou as as coproducións do Centro Dramático Nacional e Animalario: *Marat-Sade*, de Peter Weiss, *Urtain*, de Juan Cavestany, e *Falstaff*, en coautoría con Marc Rosich sobre textos de William Shakespeare.

Na súa faceta como dramaturgo, é autor tamén de varias obras, entre elas *Las siamesas del puerto* e *Una noche italiana*, que puxo en escena para a Compañía Risco.



Neil LaBute. Autor

Director de cine, guionista e dramaturgo norteamericano. Moi influenciado, nos seus inicios, pola dramaturxia de David Mamet, LaBute estuda teatro na Brigham Young University (BYU). Coñece entón ao actor Aaron Eckhart, con quen traballará a miúdo nas súas películas posteriores, e vincúlase coa igrexa dos Adventistas do Séptimo Día. Máis adiante licenciárase pola Universidade de Kansas, pola New York University e pola Royal Academy of London. En 1993 volve á universidade de Brigham para estrear o seu primeiro éxito, *In the Company of Men*, un inquietante relato das relacións humanas de dous homes de negocios misóxinos. En 1998 aparece a súa segunda película *Your Friends & Neighbors*, un retrato descarnado da vida sexual de tres parellas onde traballa tamén con Eckhart e con Ben Stiller. O ano seguinte estrea no Off-Broadway *Bash Latter-Day Plays*, tres pezas curtas (*Iphigenia in Orem*, *A gaggle of saints*, e *Medea Redux*) que retratan descarnadamente a igrexa dos Adventistas do Séptimo Día. A súa rotundidade supuxo a ruptura definitiva de LaBute nesta confesión.

En 2000 dirixe *Nurse Betty*, coa que gaña a Palma de Ouro do Festival de Cannes á Mellor Dirección. En 2002 estrea outro filme, *Possession*, baseado no best-seller de A. S. Byatt, e *The Mercy Seat*, en resposta aos atentados do 11-S a Nova York protagonizado por Liev Schreiber e Sigourney Weaver. De 2004 é *Fat Pig*, e ao ano seguinte asina dous espectáculos máis, *Some Girl(s)* e *Wrecks*. En 2006 dirixe *The Wicker Man*, un remake deste filme de terror británico, agora interpretado por Nicolas Cage, e en 2008, *Protexidos polo seu inimigo*, con Samuel L. Jackson. A súa última produción foi *Un funeral de morte* (2010).

FURIAS



